

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 102****TAXAS POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS E AUTORIZACIÓNNS DE AUTOTAXIS  
E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER****ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO**

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas polo outorgamento de licenzas e autorizaciónns de autotaxis e demais vehículos de aluguer na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó prevido nos artigos 20.4 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. Serán obxecto desta exacción:

- a) A concesión de licenza municipal para a prestación do servizo público de autotaxis.
- b) A concesión de licenzas para a substitución dos vehículos referidos no punto anterior.
- c) A transmisión de licenzas por actos “mortis causa” ou “inter vivos”, segundo a normativa vixente.
- d) A revisión de vehículos lixeiros de aluguer.
- e) A realización das probas de aptitude ós solicitantes do permiso municipal de conductor de vehículos destinado ó servizo urbano de transporte de viaxeiros, e á expedición daquel.

**ARTIGO 2º. OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR****1. FEITO IMPOÑIBLE**

Está determinado pola actividade municipal desenvolvida con motivo da prestación dos servizos sinalados no núm.2 do artigo anterior. A obriga de contribuír nacerá no momento en que, na forma regulamentariamente, se presten os servizos.

**2. SUXEITO PASIVO**

Están obrigados ó pagamento as persoas físicas ou xurídicas:

- a) Titulares da licenza de vehículos lixeiros de aluguer en calquera das modalidades establecidas ós que se presten polo Concello os correlativos servizos.
- b) Solicitantes do permiso municipal de conductor de vehículos destinados ó servizo urbano de transporte de viaxeiros.

**ARTIGO 3º. BASES DE GRAVAME E TARIFAS**

Rexerán as seguintes tarifas:

**A) LICENZAS MUNICIPAIS.**

Para a prestación de servizo público, de autotaxis, por cada vehículo adscrito á licenza:	794,80 €
---	----------

**B) LICENZAS PARA SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULOS.**

Para autotaxis, por cada licenza:	32,91 €
-----------------------------------	---------

**C) TRANSMISIÓNS DE LICENZAS.**

Nos casos en que regulamentariamente proceda. Para autotaxis:

“Inter vivos”:	2.029,00 €
“Mortis causa”:	180,35 €

**D) REVISIÓN ANUAL DOS VEHÍCULOS.**

Revisión inicial, e cada unha das anuais dos vehículos suxeitos a esta taxa, por cada vehículo:	20,60 €
---	---------

**E) CONCESIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCIR.**

Pola práctica da proba de aptitude e expedición do permiso municipal de conductor:	51,35 €
--	---------

As taxas de revisión inicial, así como as que se perciban pola práctica das probas de aptitude de conductores, permiten que o vehículo ou quen solicite a práctica das probas poidan ser sometidos, respectivamente, á nova revisión ou exame se no primeiro acto non desen resultado satisfactorio, sen devengo de novas taxas, por unha soa vez.

**ARTIGO 4º. EXENCIÓNS**

Non se consignan exencións.

**ARTIGO 5º. INFRACCIÓN S E SANCIÓN S TRIBUTARIAS**

Estarase ó prevido para esta materia na Ordenanza fiscal xeral.

**PARTIDAS FALIDAS**

Estarase ó previsto na Ordenanza fiscal xeral.

**NORMA COMPLEMENTARIA**

En todo o non previsto expresamente nesta ordenanza teranse en conta os preceptos da Ordenanza fiscal xeral e demais disposicións lexislativas aplicables á materia de que se trate. E, no que non se opoña, o Regulamento dos servizos urbanos de

transportes de automóbiles lixeiros do Excmo. Concello de Lugo, aprobado en sesión plenaria do 22 de febreiro de 1974, ou norma que o substitúa.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2012, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa<sup>4</sup>.

---

<sup>4</sup> O texto da ordenanza transcrita, é o da súa redacción vixente, integrada coas modificacións aprobadas polo Concello Pleno mediante acordo de data 7 de novembro de 2011, para rexer a partir do 1 de xaneiro de 2012 (Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294 do 26/12/2011).